

Valores Sociais e Cívicos

- Ler o texto e **reflexionar** as actividades.

As provocacións

Hai persoas que pensan que o mellor modo de resolver os problemas é mediante discusións e pelexas. Esas persoas senten que conseguen os seus obxectivos cando logran que os demais se enfaden e respondan agresivamente.

Precisamente ante esas persoas é ante as que resulta máis importante manterse sereno. Por un lado, evitaremos cometer erros nós mesmos; por outro, axudáremoslos a calmarse e comprobarán que esa estratexia non funciona.

Nunca se lles debe facer caso aos que insultan ou lles faltan ao respecto aos demais, pois non temos nada que gañar e si moito que perder comportándonos como eles. Así tamén os axudaremos a decatarse de que a súa forma de actuar non obtén resultados.

Manter a tranquilidade sempre resulta beneficioso. Cando non o conseguimos, deixamos de razoar e as consecuencias dos nosos actos poden resultar prexudiciais. En fin, mediante os argumentos e as estratexias que nos permiten manter o control, evitamos caer na trampa da provocación.

ACTIVIDADES



- 1 Imaxinade unha persoa provocadora. Repartídevos os papeis e representade como actúa esa persoa, como responden os demais e como credes que deberían reaccionar.
- 2 Que significa a expresión «Dous non pelexan se un non quere»?